

A supresión do Partido Xudicial de Chantada obrigará a 30.000 cidadáns a desprazarse ao Xulgado de Lugo, e a que este absorba os 2.000 casos que xestiona cada ano

Membros da executiva provincial que dirixe González Santín, e os secretarios xerais das agrupacións dos municipios aos que dá servizo o órgano chantadino recolleron sinaturas en contra da medida do Goberno, que provocará, ademais, que o 78% da poboación afectada teña que realizar desprazamentos de máis de 50 minutos para acceder á Xustiza

O dirixente do PSdeG lucense insistiu no “grave prexuízo” que suporá para a cidadanía a eliminación deste tribunal, pois “despreza a realidade social e económica das comarca”. “O PP fai da provincia un deserto xudicial, e da súa capital, o oasis”, afirmou

Nunha Lei desta entidade “non se pode aplicar o rodillo. Require un acordo amplo ou, pola contra, estará condenada a ser reformada a curto prazo. Nin tan sequera ten garantida a súa execución, pois carece dunha auténtica memoria económica que dote de fondos os importantes cambios previstos e os traslados”, denunciou a coordinadora do PSOE nesta comarca

A maiores da campaña de sinaturas, a executiva está a organizar xornadas informativas en todos os municipios con Partido Xudicial. A primeira, celebrarase o 3 de xullo, en Monforte e, a segunda, o día 10, en Viveiro. Nos dous casos, o ex Ministro –Francisco Caamaño- ofrecerá unha visión do modelo actual e do sistema que quere implantar o Partido Popular

CHANTADA, 26 DE XUÑO DE 2014.- Os secretarios Provincial, de Política Municipal, de Economía, de Medio Rural e de Organización –Juan Carlos González Santín, Álvaro Santos, Pilar García Porto, Horacio Rouco e Carlos Ferreiro-, o deputado autonómico –Vicente Docasar- e os secretarios xerais das agrupacións do PSOE da comarca de Chantada concentráronse este xoves diante do Xulgado para recoller sinaturas e sumar o maior número de apoios posible para evitar ou frear que o Goberno Central suprima este Partido Xudicial, que dá servizo a preto de 30.000 habitantes.

Todas estas medidas forman parte da campaña emprendida polo Partido Socialista xa no mes de abril, en contra da eliminación deste servizo público. Primeiro, foi a nova lei de taxas coa que os pleitos laborais ou contencioso-administrativos, que antes estaban exentos, poden chegar aos 800 euros e, agora, o Executivo estatal pretende centralizar a Xustiza da provincia en Lugo. Deste xeito, tal e como se pode ver a continuación, a entrada en vigor de dita normativa, provocará que o 78% da poboación que depende deste Partido Xudicial se vexa obrigada a facer un percorrido de máis de 50 minutos, como mínimo, para acceder á Xustiza.

PARTIDO XUDICIAL DE CHANTADA	POBOACIÓN	DISTANCIA MÍNIMA A LUGO POR ESTRADA (* Vehículo propio)
Antas de Ulla	2695 habitantes	50 min.
Carballedo	3080 habitantes	1 hora e 2 min.
Chantada	9401 habitantes	1 hora e 7 min.
Monterroso	4235 habitantes	47 min.
Palas de Rei	4213 habitantes	58 min.
Portomarín	2008 habitantes	39 min.
Taboada	3845 habitantes	51 min.
TOTAL	29474 habitantes	

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo



www.psoeprovincialdelugo.com
www.facebook.com/psoeprovinciallugo
www.twitter.com/PsoeLugo

Para os socialistas, este novo mapa xudicial provocará un colapso absoluto do servizo, así como a vulneración do artigo 24.1 da Constitución sobre a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva. E é que, segundo o sistema do Goberno, a provincia quedaría só co órgano da capital; Xulgado que absorbería todos os casos do tribunal de Chantada. En total, uns 2.000 cada ano.

Demóstrase así, engadíu o secretario Provincial que, con esta nova medida, o Partido Popular “conseguirá que os veciños dos sete concellos que integran o Partido Xudicial deixen de contar cun servizo próximo e eficaz”. Neste senso, insistíu no “grave prexuízo” que suporá para a cidadanía a supresión deste órgano, pois “despreza a realidade socioeconómica da comarca e aumentará o despoboamento”. Asimesmo, considera que, con esta iniciativa, “os Gobernos do PP fan da provincia un deserto xudicial, e da súa capital, o oasis”.

Pola súa banda, a coordinadora do PSOE nesta zona –Pilar García Porto-, destacou que nunha Lei desta entidade “non se pode aplicar o rodillo. Require un acordo amplo ou, pola contra, estará condenada a ser reformada a curto prazo, e isto non é o desexable. A reforma plantexada por Gallardón nin tan sequera ten garantida a súa execución”. Proba delo, asegura, é que “carece dunha auténtica memoria económica que dote de fondos os importantes cambios previstos e os traslados”.

“Este ministro ten a vontade de poñer a todo o mundo en contra”. E é que outro problema que se derivará da supresión do Xulgado, subliñou a socialista, é a perda de postos de traballo, posto que ao quedar fusionado solaparanse as funcións e haberá que prescindir do persoal, “polo que o dano pode ser aínda maior”, concluíu.

Máis medidas dos socialistas

A maiores da campaña de recollida de sinaturas que están a levar a cabo os socialistas por toda a provincia, e de presentar mocións nos concellos, no Parlamento e no Senado, de xeito paralelo, a executiva tamén está a organizar unha serie de xornadas informativas en todos os municipios con Partido Xudicial, co fin de explicar aos cidadáns as consecuencias que supoñen tanto para eles como para o sector xurídico a entrada en vigor desta normativa.

As xornadas darán comezo o 3 de xullo, en Monforte de Lemos. O día 10 dese mesmo mes celebrarase a segunda en Viveiro. En ambos os dous casos, o ex Ministro –Francisco Caamaño- ofrecerá unha ampla visión do modelo actual e do sistema que pretende implantar o Partido Popular.